

Disposición transitoria única. *Solicitudes anteriores.*

As solicitudes de axudas pendentes de resolución á entrada en vigor deste real decreto serán tramitadas e resoltas segundo a normativa vixente na data en que foron presentadas.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xullo de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

14245 *REAL DECRETO 1780/2004, do 30 de xullo, sobre o desenvolvemento e seguimento das campañas de determinados cítricos enviados á transformación.* («BOE» 184, do 31-7-2004.)

O Regulamento (CE) n.º 1092/2001 da Comisión, do 30 de maio de 2001, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2202/96 do Consello, polo que se establece un réxime de axuda aos produtores de determinados cítricos, foi derogado recentemente por razóns de claridade e racionalidade e substituído polo Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, do 1 de decembro de 2003, relativo ás disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2202/96 do Consello, que segue concretando determinados aspectos e establecendo aqueloutros que o Estado membro debe ou está facultado para desenvolver.

Os números 1 e 2 do artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, do 1 de decembro de 2003, dispoñen que os transformadores que desexen participar por primeira vez no réxime de axudas deberán presentar unha solicitude de autorización ante as autoridades competentes antes da data que o Estado membro determine. Esta solicitude debe facer referencia á capacidade horaria de industrialización. Coa aceptación de tal documentación, os interesados terán acreditado as condicións exixidas para a súa autorización.

No artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, do 1 de decembro de 2003, establécese que os transformadores e as organizacións de produtores que desexen participar no réxime de axuda llo deberán comunicar á autoridade competente, e que os Estados membros poderán eximir desta obriga aqueles operadores que habitualmente veñan participando neste réxime.

En relación coa posibilidade que ofrece o número 3 do artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 2202/96 de que os Estados membros poidan dividir o seu limiar nacional previsto para pequenos cítricos en dous sublimiares, un para os destinados á transformación en gallos e o outro para os destinados á transformación en zumes, prorrogase a existencia dos dous sublimiares, coas mesmas cantidades que estiveron vixentes en campañas anteriores, ao se manter a necesidade de protexer o nivel de axuda que deben percibir as organizacións de produtores que entreguen satsumas e clementinas para a transformación en gallos.

A aplicación deste réxime de axuda require a existencia dun contrato que reúna o contido mínimo esta-

blecido no artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, do 1 de decembro de 2003. De existir un contrato tipo homologado para a especie cítrica de que se trate, o contrato deberá conter, ademais, os datos e condicións incluídos nel.

O artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 concédelles aos Estados membros a potestade de estableceren as datas límite en que se deberán celebrar os contratos a curto prazo. Pola súa banda, o artigo 8 permite que os Estados membros adopten disposicións complementarias en materia de contratos. O período de entrega á transformación constitúe un factor importante no desenvolvemento da campaña, polo que é conveniente regulalo establecendo dous subperíodos de entrega. Estes subperíodos estarían relacionados cos contratos de duración comprendida entre cinco e sete meses completos e consecutivos, debendo establecerse as respectivas datas límites para ambos os subperíodos.

O artigo 39 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 establece os prazos dentro dos cales o Estado membro debe realizar determinadas notificacións á Comisión Europea, polo que cómpre fixar as datas límite antes das cales as comunidades autónomas deben remitir esta información á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para que se poida cumprir cos ditos prazos.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xullo de 2004,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Mediante este real decreto desenvólvense determinadas condicións contidas no Regulamento (CE) n.º 2202/96 do Consello, do 28 de outubro de 1996, polo que se establece un réxime de axuda aos produtores de determinados cítricos, e no Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, do 1 de decembro de 2003, relativo ás disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 2202/96 do Consello.

Artigo 2. *Autoridade competente.*

As comunicacións, informacións, solicitudes de axuda e documentos exixidos polo Regulamento (CE) n.º 2111/2003 dirixiranllos as organizacións de produtores ao órgano competente na comunidade autónoma en que radique a súa sede social, e os transformadores, ao órgano competente na comunidade autónoma en que se encontren as fábricas onde se leve a cabo a transformación. Tales órganos xestionarán as axudas, así como as restantes actuacións dos interesados.

Artigo 3. *Solicitudes de participación no réxime de axudas dos transformadores.*

1. Os transformadores de laranxas doces, mandarinas, clementinas, satsumas, limóns, toranxas e pomelos que desexen participar por primeira vez no réxime de axudas presentarán unha solicitude á autoridade competente ata o 14 de agosto, inclusive.

Entenderase que un transformador participa por primeira vez no réxime de axudas cando non teña celebrado ningún contrato para o produto ou tipo de elaborado de que se trate en, ao menos, unha das tres campañas precedentes á que vaia comezar, incluídas as rexidas

polo Regulamento (CE) n.º 1092/2001 da Comisión, do 30 de maio de 2001.

2. A solicitude de participación no réxime de axudas conterà, cando menos, os datos que figuran no anexo I, e poderá comprender unha ou varias campañas ou un período ilimitado.

Xunto coa solicitude, os transformadores xustificarán a capacidade de transformación por hora do produto para obter gallos e a capacidade de extracción, pasteurización e concentración por hora para elaborar zumes, segundo o tipo de elaborado correspondente, de cada unha das súas fábricas. A acreditación de tales extremos conterà, ao menos, os datos que figuran no anexo II.

Artigo 4. *Comunicacións de participación no réxime de axudas por parte das organizacións de produtores.*

1. As organizacións de produtores que desexen participar neste réxime de axudas, celebrando contratos, comunicaranllo á autoridade competente dentro do prazo previsto no artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003.

2. A comunicación conterà, cando menos, os datos que figuran no anexo III, e poderá comprender unha ou varias campañas ou un período ilimitado.

Artigo 5. *Transformadores e organizacións de produtores que teñan participado con anterioridade no réxime de axudas.*

1. Os transformadores que teñan celebrado algún contrato para o produto ou tipo de elaborado de que se trate en, ao menos, unha das tres campañas precedentes á que vaia comezar, incluídas as rexidas polo Regulamento (CE) n.º 1092/2001 da Comisión, do 30 de maio de 2001, non terán que solicitar a autorización a que se refire o artigo 3 nin realizar a comunicación prevista no artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, do 1 de decembro de 2003.

Non obstante, deberanlle comunicar á autoridade competente, ata o 14 de agosto inclusive, os cambios habidos na información que achegaron para obter a correspondente autorización.

2. As organizacións de produtores que teñan celebrado algún contrato para o produto ou tipo de elaborado de que se trate en, ao menos, unha das tres campañas precedentes á que vaia comezar quedan eximidos da obriga de realizaren a comunicación a que se refire o artigo 4.

No caso de que se teñan producido cambios na información que achegaron, deberanllo comunicar á autoridade competente cunha antelación mínima de 20 días ao inicio da campaña.

Artigo 6. *Sublimiaries de pequenos cítricos.*

1. Establécense dous sublimiaries do limiar nacional de pequenos cítricos: un, para os destinados á transformación en gallos, e outro, para os destinados á transformación en zumes.

2. As cantidades de froito fresco que corresponden a cada sublimiar son as seguintes:

1.º Clementinas e mandarinas destinadas a zumes: 144.381 toneladas.

2.º Satsumas e clementinas destinadas a gallos: 125.805 toneladas.

Artigo 7. *Contratos.*

1. Os contratos para a transformación de cítricos entre os transformadores e organizacións de produtores

que desexen beneficiarse do réxime comunitario de axuda deberanse celebrar por escrito e conter, ao menos, os datos e condicións que figuren nos respectivos modelos de contrato tipo homologado.

2. Nos supostos en que non se homologase un contrato tipo, os contratos deberán conter, como mínimo, os datos e condicións exixidos polo artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión.

3. A organización de produtores signataria do contrato, após asignación do número de identificación, presentará este contrato, xunto cos exemplares pertinentes, á autoridade competente.

A dita autoridade devolveralle o seu exemplar á organización de produtores e procederá a remitir, no prazo de 15 días hábiles desde a súa presentación, os outros exemplares aos destinatarios respectivos.

4. Os contratos a curto prazo celebraranse:

a) No caso dos contratos que cubran, cando menos, oito meses completos e consecutivos, como máis tarde o 1 de novembro.

b) No caso dos contratos que cubran entre cinco e sete meses completos e consecutivos:

1.º Como máis tarde o 1 de novembro, no caso dos produtos que deban entregarse á industria ata o 31 de marzo, inclusive.

2.º Como máis tarde o 28 de febreiro, no caso dos produtos que deban entregarse á industria desde o 1 de abril ata o final da campaña.

5. As cláusulas adicionais e os acordos a que se refiren os artigos 11 e 15 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, respectivamente, poderán ser homologados nos termos previstos na normativa reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios.

Artigo 8. *Informacións e comunicacións.*

1. A autoridade competente en cada comunidade autónoma será informada polos órganos administrativos competentes desta ou, sendo o caso, do Estado, sobre:

a) A declaración de extinción do recoñecemento a unha organización de produtores.

b) A exclusión dunha organización de produtores ou dun transformador do réxime de axudas, como consecuencia dun procedemento sancionador.

2. As autoridades competentes remitiranlle á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a relación dos transformadores autorizados e as localidades onde estean radicadas as súas fábricas, ao menos con sete días de antelación á data límite a que se refire o parágrafo segundo do artigo 5.2 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión.

3. As autoridades competentes remitiranlle á Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no prazo de sete días a partir da data límite a que se refire o artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, as relacións de organizacións de produtores e de transformadores que poidan participar no réxime de axuda de cada un dos produtos.

4. A Dirección Xeral de Agricultura manterá actualizadas, con base na información recibida en virtude do disposto no número anterior, as relacións de organizacións de produtores e de transformadores que poidan participar nos réximes de axudas en cada campaña de comercialización.

5. As autoridades competentes remitiranlle á Dirección Xeral de Agricultura a información requirida no artigo 39.1.b) e c) do Regulamento (CE) n.º 2111/2003

da Comisión, ao menos, con 10 días de antelación ás datas establecidas no dito artigo, para efectuar as correspondentes notificacións á Comisión Europea.

6. As autoridades competentes remitiranlle á Dirección Xeral de Agricultura a información requirida no artigo 39.2 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, ao menos con 20 días de antelación ás datas establecidas no dito artigo, para efectuar as correspondentes notificacións á Comisión Europea.

7. Con obxecto de dar cumprimento ao artigo 39 do Regulamento (CE) n.º 2111/2003 da Comisión, a Dirección Xeral de Agricultura notificaralle á Comisión Europea, a través da canle correspondente, os seguintes extremos:

a) O establecemento dos dous sublimiarios de pequenos cítricos enviados á transformación e as cantidades para o sublimiar daqueles destinados á transformación en gallos e para o sublimiar dos destinados á transformación en zumes, de acordo co número 1.a) do mesmo artigo.

b) A información relativa ao desenvolvemento da campaña, de acordo cos números 1.b), 1.c) e 2 do mesmo artigo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 17 de setembro de 2001 pola que se concretan algúns aspectos do Regulamento (CE) n.º 1092/2001 en relación co desenvolvemento e seguimento das campañas de determinados cítricos enviados á transformación.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase de conformidade co establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación e facultade de desenvolvemento.*

1. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para a aplicación deste real decreto, así como para a modificación dos seus anexos ou para incluír outros novos que recollan, ao menos, os datos necesarios para cumprir a normativa comunitaria.

2. Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para a fixación das cantidades de cada sublimiar de pequenos cítricos e, se é o caso, para dispor, a teor do disposto na normativa comunitaria, a inaplicación do réxime de sublimiarios de pequenos cítricos para unha ou varias campañas.

3. Para cada campaña e para os produtos que se considere, facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar as datas establecidas neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 30 de xullo de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Solicitud de participación no plan de axudas

A empresa transformadora con CIF/NIF n.º con domicilio en, localidade de, provincia de, tel.:, fax:..... representada por don/dona en calidade de (1) daquela.

EXPÓN

Que é titular dunha factoría en réxime de propiedade/arrendamento cuxa fotocopia do contrato se achega (rísquese o que non proceda), situada en, localidade de, provincia de, na cal vai realizar a/s campaña/s de industrialización que se comunica/n.

Que achega certificado expedido por (2)..... relativo á capacidade industrial de transformación.

Que coñece e se compromete a cumprir as disposicións oficiais de regulación e desenvolvemento da campaña dos produtos que se comunican.

COMUNICA

Que desexa acollerse ao réxime de axuda establecido polo Regulamento (CE) n.º 2202/96 do Consello:

- Na próxima campaña
- Nas próximas campañas,,
- Nas próximas campañas e seguintes.
(Rísquese o que non proceda)

Para a fabricación de:

- Laranxas doces, mandarinas e/ou clementinas para a súa transformación en zumes.
- Limóns para a súa transformación en zumes.
- Toranxas e pomelos para a súa transformación en zumes.
- Clementinas e/ou satsumas para a súa transformación en gallos.
(Rísquese o que non proceda)

En, o de de 20....

Ilmo. Sr.

(1) Propietario, administrador único, copartícipe, director,.....

(2) Autoridade competente.

ANEXO II

D.....

en calidade de director (1).....

CERTIFICA

Que persoal técnico desta unidade compareceu na factoría da empresa situada en, localidade, provincia, e comprobou a existencia de liñas de industrialización de cítricos coas seguintes capacidades horarias industriais de transformación:

ZUMES	EXTRACCIÓN		PASTEURIZACIÓN (kg/h)	CONCENTRACIÓN	
	Froito fresco (kg/h)	Zume (° Brix)		(kg/h)	(° Brix)
Laranxas doces Mandarinas Clementinas Limóns Toranxas e pomelos					

GALLOS	TRANSFORMACIÓN (kg/h) de froito fresco
Clementinas Satsumas	

É o que certifica en, o de de 20....

(1) Nome da unidade administrativa provincial,

Nota. Este anexo II presentarase xunto co anexo I.

ANEXO III

Comunicación para participar no réxime de axuda

A organización de produtores segundo artigo (1) do Regulamento (CE) n.º 2200/96 do Consello, (*nome*) e inscrita no Rexistro de organizacións de produtores co número, con domicilio social en, localidade de, provincia de, tel.:, fax:, representada por don/dona, en calidade de (2) daquela.

EXPÓN

Que non formalizou contratos en ningunha das tres campañas precedentes para os produtos que se comunican.

Que coñece e se compromete a cumprir as disposicións oficiais de regulación e desenvolvemento da campaña dos produtos que se comunican.

COMUNICA

Que desexa beneficiarse da axuda establecida polo Regulamento (CE) n.º 2202/96 do Consello:

- Na próxima campaña
- Nas próximas campañas,,
- Nas próximas campañas e seguintes.
(*Rísquese o que non proceda*)

Para a entrega á transformación de:

- Laranxas doces.
- Mandarinas.
- Clementinas.
- Satsumas.
- Limóns.
- Toranxas e pomelos.
(*Rísquese o que non proceda*)

En, de de 20...

Ilmo.Sr.

(1) 11, 13 ou 14.

(2) Presidente, director,.....